

COMISIÓN INFORMATIVA DE CULTURA, DEPORTES E MOCIDADE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **19 de novembro de 2020**

Ás 18.35 horas do día 19 de novembro de 2020, reúnese a Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade, a través do sistema de videoconferencia (no enlace: <https://call.lifesizecloud.com/6339728>) coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Álvaro José Fernández López

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. César Manuel Fernández Gil

D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. Armando Ojea Bouzo

Deputado non adscrito: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Adamantino Barreiro García

Interventor: D. José Mosquera Casero

Non asiste, escusando a súa ausencia, a **deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía**: D.^a Montserrat Lama Nóvoa.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 22 DE OUTUBRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 22 de outubro de 2020.

Non se producen intervencións e por maioría absoluta (coa abstención de don Armando Ojea Bouzo por non ter asistido á dita sesión) a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Cultura, Deportes e Mocidade do día 22 de outubro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- DACIÓN DE CONTA DA ACTA DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2020.-

A **presidenta da comisión** dá conta da reunión do xurado do Premio Otero Pedrayo 2020. Indica que na reunión do xurado, na que participan as catro Deputacións e a Xunta de Galicia, había dúas propostas previas. Durante a sesión o Presidente desta Deputación achegou unha proposta para outorgar o premio as catro fundacións da xeración NOS. Esta proposta votouse por maioría, por trece votos a favor, e outorgóuselle o premio Otero Pedrayo 2020. Estes premios xa foron entregados con moi pouca presenza de convidados, polas circunstancias que estamos a vivir.

3º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

D. Álvaro Vila Araújo, do Grupo Socialista, pregunta pola Copa Deputación, como se vai a aportar a axuda económica aos clubs que participaban nesta Copa en material ou en diñeiro efectivo e cando se vai a facer a aportación de colaboración.

A **presidenta da comisión** sinala que contestará na seguinte comisión cando solicite información respecto diso.

D. Bernardo Varela López, do BNG, roga que se estude que as axudas que se fagan de cara ao próximo ano, se habiliten para que poidan chegar as entidades deportivas como no

ámbito da cultura, adaptándoas a situación que estamos a vivir. Trátase de modulalas e que se teñan en conta os gastos das medidas que teñen que soportar con motivo da pandemia. Como artellar as axudas cara a nova situación.

E, ás 18.40 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.